

## **“PLAN RENOVE DE FIESTRAS”**

### **INEGA- CAMPAÑA 2008**

EXTRATEXIA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA (E4)

PLAN DE ACCIÓN 2008-2012

“Rehabilitación da envolvente térmica dos edificios existentes”

## 1. OBXECTIVO

Rehabilitación dos ocos acristalados da fachada, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos ou perfíles, co fin de acadar melloras significativas na demanda enerxética do edificio e os conseguíntes aforros en termos económicos.

## 2. BENEFICIARIOS

Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada residentes ou radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, propietarios, usufructuarios ou arrendatarios de vivendas, edificios de vivendas ou de edificios destinados a outros usos, que estén ubicadas en Galicia.

## 3. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables as novas fiestras ou portas-fiestras que separen estancias calefactadas do exterior e que cumpran os seguintes requisitos:

- Dispoñer de marcado CE.
- Dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior.
- Carpintería de madeira, de PVC ou metálica con rotura de ponte térmico de 4 mm ou superior.
- Substituír a unha fiestra anterior de igual ou superior tamaño.

Non son subvencionables os cerramentos acristalados que se instalen coa finalidade de pechar ambientes exteriores (terrazas e/ou tendedeiros) por non tratarse dunha renovación senón de modificacións na envolvente da vivenda.

Considéranse actuacións subvencionables aquelas que, cumprindo os requisitos antes descritos, reserven a partida de fondos correspondente e sexan realizadas a partir do 1 de febreiro de 2009.

## 4. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100€/m<sup>2</sup> de fiestra, cuns límites de 6.000 € por vivenda unifamiliar e 300.000 € por bloque de vivendas ou edificios do sector terciario. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

## 5. FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A cantidade máxima destinada para esta convocatoria de axudas ascende a 500.000 euros. Eventualmente esta cantidade poderase ver incrementada coas cantidades sobrantes do Programa de Axudas Públicas ao aforro e eficiencia (E4+) reguladas pola Resolución do Instituto Enerxético de Galicia de 6 de xuño de 2008.

## 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

O prazo de presentación das solicitudes de axuda quedará aberto a partir do día 1 de febreiro de 2009 e permanecerá aberto ata o día 30 de xullo de 2009 ou ata que se esgote o orzamento.

## 7. PROCESO DE ADHESIÓN DOS INSTALADORES E EMPRESAS DE VENDA DE FIESTRAS

O prazo para a presentación das solicitudes de adhesión comezará ao día seguinte da publicación destas bases e rematará o día 30 de xullo de 2009, ou na data de fin anticipado do Plan por remate de fondos.

O INEGA facilitaralles aos instaladores e/ou empresas de venda de fiestras (en adiante empregárase indistintamente “instalador” e “empresa”) que o requiran, e a través da aplicación informática habilitada para o efecto, os formularios de adhesión ao Plan Renove de Fiestras (ver protocolo de adhesión- Anexo I).

A adhesión e a tramitación das solicitudes do Plan Renove de Fiestras realizaranse a través da seguinte paxina web: [www.inega.es](http://www.inega.es).

Os instaladores e/ou empresas que desexen adherirse ao Plan Renove de Fiestras presentarán o protocolo de adhesión, por duplicado, preferentemente no rexistro do Instituto Enerxético de Galicia, sito na rúa Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703, Santiago de Compostela; ou ben no rexistro de calquera outro órgano da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que a presentación non sexa no rexistro do Inega, deberán adiantar ó fax 981 54 15 15 a súa solicitude.

O envío telemático servirá unicamente para anunciar a presentación da solicitude, mais só se considerará presentada en prazo cando se realice na forma indicada no parágrafo anterior.

O instalador deberá xuntar ao protocolo de adhesión (Anexo I), cumprimentado mediante a aplicación informática habilitada para o efecto, fotocopia do DNI da persoa asinante (no suposto de que o comprador manifestase residir na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu DNI non reflectise tal circunstancia, deberá acompañarse certificado de empadramento expedido polo Concello no que radique a localidade de residencia), certificado bancario da titularidade da conta na que desexa recibir o ingreso das axudas e fotocopia do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) ou, no seu caso, fotocopia de alta naquel.

Se o instalador non está obrigado ao pago do devandito imposto, deberá presentar un certificado acreditativo deste feito, expedido polo Concello no que radique o domicilio social da empresa.

O Inega comunicará a aceptación ou denegación das solicitudes de adhesión facilitándolles aos instaladores adheridos un código do instalador/empresa, unha contrasinal, a documentación necesaria e o material promocional do Plan Renove de Fiestras.

## 8. COMPROMISOS DE ADHESIÓN

Os instaladores adheridos ao Plan Renove de Fiestras asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informarlle sobre a mesma aos clientes interesados. Así mesmo, poderán incorporar na publicidade propia os logotipos do Plan Renove de Fiestras que se lles facilitarán para tal efecto.
2. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude da axuda, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o edificio no que se vai realizar a obra está ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia. A aplicación informática confirmará a reserva de fondos dispoñibles e abrirá un prazo máximo de 60 días para confirmar a execución da obra.
3. Vender no marco da iniciativa só as carpinterías que cumpran coas condicións establecidas no apartado 3 do presente documento.
4. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme co establecido no apartado 4 do presente documento.
5. Facilitarlle ao cliente a instalación da carpintería adquirida.
6. Facilitarlle ao Inega, no prazo máximo de dous meses desde a realización da reserva de fondos, canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
7. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do Plan Renove de Fiestras.

Se o Inega comprobara o incumprimento dalgún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do instalador ao Plan Renove de Fiestras sen dereito a ningunha reclamación por parte do infractor.

## 9. PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN

1. O comprador dirixirase a un instalador adherido a esta iniciativa (ver protocolo de adhesión - Anexo 1) e elixirá unha carpintería que cumpra os requisitos mínimos esixidos na base 3 do presente documento.
2. Unha vez adquirida a carpintería, **o instalador e/ou empresa cubre o “FORMULARIO DE RESERVA DE FONDOS”** (ver Anexo II), **mediante a aplicación informática habilitada para o efecto** e asegúrase que se trata dunha obra situada no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia.
3. O instalador adherido cobra o prezo total da carpintería (IVE incluído) co desconto da axuda establecida na base 4 do presente documento, tal e como se indica no exemplo que figura na páxina web deste organismo público ([www.inega.es](http://www.inega.es)).
4. O comprador asina a conformidade no formulario de solicitude de axuda (os 3 exemplares, quedándose con un deles) e entrega unha fotocopia do DNI.
5. O instalador adherido remitirá ao INEGA periodicamente a seguinte documentación:
  - Unha lista, que facilita a propia aplicación informática, coas últimas solicitudes de reserva de fondos realizadas e a súa correspondente documentación.
  - Formulario de reserva de fondos asinado.
  - Copia da factura detallada xustificativa do investimento en renovación dos cerramentos debidamente asinada e selada polo instalador. Deben indicarse claramente as dimensións das fiestras e o enderezo onde se realiza a obra.
  - Fotocopia do DNI do comprador.

6. Admitiranse reservas de fondos ata o día 30 de xullo de 2009 ou ata a finalización dos fondos especificados no apartado 5.

7. Informarase ao instalador, cun prazo de dez días de antelación, que o período de execución da obra está a rematar. Este debe dar de alta a obra na aplicación nos dez días seguintes ou entenderase que desiste dos fondos reservados con anterioridade.

8. Cando se acaben os fondos a aplicación informática procederá a facer unha listaxe de reserva por valor de 100.000 €. Neste caso, a aplicación indicará ao instalador que o proxecto está en listaxe de espera, polo que o instalador poderá facturar a venta sen ningún tipo de desconto, e só no caso de que finalmente se poida beneficiar da axuda terá que enviar a documentación e un xustificante de devolución ao cliente do desconto que corresponda. Para achegar esta documentación disporá dun prazo de 1 mes desde que reciba o comunicado de existencia de fondos (por fax ou correo electrónico).

## **10. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E PAGO DAS AXUDAS**

Os instaladores e/ou empresas poderán visualizar na aplicación informática o estado das reservas de crédito ao seu favor, na medida que vaian rexistrando as vendas, así como a súa posterior validación polo persoal do Inega cando se reciba íntegra neste organismo público a documentación preceptiva para a percepción das axudas.

Cando estea completa a documentación referida no apartado 5 da base 9, o INEGA aboará ao instalador adherido o importe correspondente na conta bancaria establecida para tal efecto.

## **11. INCUMPRIMENTOS**

O Inega resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control se estimen oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvención ou os instaladores e/ou empresas incumpriron algunha das condicións establecidas no Plan Renove de Fiestras, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de reintegrarlle ao INEGA as cantidades obtidas indebidamente.

Para estes efectos, o Instituto Enerxético de Galicia, dará inicio ao procedemento legal pertinente para acadar dito reintegro.

## **12. INCOMPATIBILIDADES**

Esta liña de axudas é incompatible coas subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables de Galicia correspondentes ao exercicio 2008 reguladas na Resolución do 6 de xuño de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 173 do 8 de setembro de 2008), así como coas subvencións recollidas na orde de axudas correspondente ao exercicio 2009 que serán publicadas polo Inega.

O importe das subvencións reguladas nestas bases en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o custo da actividade subvencionable.

### 13. DISPOSICIÓN FINAIS

1. O beneficiario obrígase a facilitar canta información lle sexa requirida polo INEGA no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.
2. En todo o non previsto nestas Bases, estarase ao establecido no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

## ANEXO I

# PLAN RENOVE DE FIESTRAS Campaña 2008

# PROTOCOLO DE ADHESIÓN

(Debe cubrirse mediante a aplicación informática  
dispoñible na páxina web do INEGA).

Nome da empresa instaladora:		CIF:	
Enderezo:	C.P.:	Municipio:	
Cadea ou grupo comercial:	Asociación comercial á que pertence:		
No caso de dispoñer de varios puntos de venda na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar un protocolo de adhesión para cada un dos puntos de venda.			
Persoa de Contacto:		Cargo:	
E-mail:	Teléfono:	Fax:	
Conta corrente na que desexa recibir a axuda (20 díxitos):			
Código de Empresa (a asignar polo INEGA):			

“O solicitante consinte de modo expreso a incorporación e tratamento dos seus datos nos ficheiros informáticos de titularidade do INEGA, coa finalidade de aplicar o presente programa de subvencións, así como para a realización de envíos informativos e de promoción que poderán resultar do seu interese. Do mesmo xeito, consinte de modo expreso que os seus datos poidan seren cedidos ao INEGA para o seu uso con fins de envíos informativos ou promocionais e outras cesións previstas na Lei. A cumprimentación das casillas persoais ten carácter obrigatorio. O solicitante queda igualmente informado sobre a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo do INEGA Avelino Pousa Antelo nº 5, CP 15703 Santiago de Compostela, de acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal”.

D./Dna. ....con N.I.F. .... en representación da empresa, manifesta:

Que coñece as bases e o procedemento establecido para acceder ás axudas recollidas na convocatoria Plan Renove de Fiestras do INEGA e que está de acordo e manifesta o seu sometemento expreso aos mesmos.

Que declara ser representante da empresa ....., e que ostenta poder para dita representación.

SOLICITUDE DE ADHESIÓN

ACEPTACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN

Asdo.

(Sinatura e selo da empresa)

D/Dna. \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo. D. Juan José Álvarez Carril.

DIRECTOR DO INEGA

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Deberá xuntar ao protocolo de adhesión fotocopia do DNI da persoa asinante, documento acreditativo da titularidade da conta corrente e fotocopia do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) e, no seu caso, fotocopia da alta no mesmo.

Se o instalador ou empresa non está obrigado ao pago do devandito imposto, deberá presentar un certificado acreditativo deste feito, expedido polo concello no que radique o comercio.

O INEGA facilitará aos instaladores ou ás empresas adheridos o código de empresa, a documentación necesaria e o material promocional do Plan Renove de Fiestras.

Se o INEGA, comprobara o incumprimento de algún dos compromisos adquiridos, poderá cancelar a adhesión do comercio ao Plan Renove sen dereito a ningunha reclamación por parte do infractor.

ENVIAR 2 COPIAS (Empresa instaladora e INEGA).

## COMPROMISOS

Os instaladores ou ás empresas adheridos ao programa mediante a sinatura do protocolo de adhesión, asumirán os seguintes compromisos:

1. Mostrar nun lugar visible o logotipo da iniciativa e os soportes publicitarios facilitados e informar sobre a mesma. Así mesmo, poderán incorpora na publicidade propias os logotipos do Plan Renove de Fiestras que se lle facilitarán para tal efecto.
2. Cubrir convenientemente os formularios de reserva de fondos, incorporando os datos á aplicación informática habilitada para o efecto, e comprobar que o edificio no que se realiza a obra está situado na Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Vender no marco da iniciativa unicamente ás carpinterías que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria do Plan Renove de Fiestras (apartado 3 do presente documento)
4. Aplicar os descontos correspondentes á subvención conforme ao establecido na convocatoria do Plan Renove de Fiestras (apartado 4 do presente documento).
5. Facilitar ao cliente a instalación da carpintería adquirida.
6. Deberá xuntar ao formulario de solicitude de axuda, fotocopia do DNI do COMPRADOR e fotocopia da factura, que incluírá os datos do comprador, importe da subvención, prezo final resultante e descrición completa da carpintería adquirida. Así mesmo deberá achegar xunto coa anterior documentación o certificado do fabricante que acredita as características térmicas tanto do acristalamento como do marco.

Toda esta documentación enviarase ao INEGA, no prazo máximo de dous meses desde a realización da reserva de fondos, xunto coa listaxe, facilitada pola propia aplicación informática, das últimas solicitudes realizadas.

A documentación debe enviarse ao seguinte enderezo:

INEGA (Plan renove de Fiestras)  
Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5  
CP 15703  
Santiago de Compostela.

7. Facilitarlle ao INEGA canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
8. Cumprir coas condicións establecidas para o desenvolvemento do Plan Renove de Fiestras.

**ANEXO II**

**PLAN RENOVE DE FIESTRAS**

**Campaña 2008**

**FORMULARIO DE RESERVA DE**

**FONDOS**

(Debe cubrirse mediante a aplicación informática  
dispoñible na páxina web do INEGA).



O COMPRADOR DECLARA:

- Que lle facilitará ao Inega tanta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
- Que coñece as bases do Plan Renove de Fiestras e acepta a subvención do INEGA autorizando para percibir o importe da subvención á empresa instaladora indicada no presente documento.
- Que non se atopa nos supostos que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121 do 13 de xuño de 2007).
- Que se compromete a que a nova fiestra sexa de igual ou inferior tamaño que a ventá que xa existía.
- Marque a que corresponda:
  - Que autoriza ao Inega para que solicite de oficio os Certificados de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, para os supostos nos que a achega da subvención exceda de 3.000 euros.
  - Que para aqueles casos nos que a contía non exceda dos 3.000 euros, que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ten débedas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
  - Que está exento de achegar os mencionados xustificantes do cumprimento de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2008

O INSTALADOR DECLARA:

Que a carpintería nova se instalará na seguinte dirección:

Rúa:	Nº	Portal:
C.P.:	Parroquia:	Concello:
		Provincia:

SINATURA DO COMPRADOR	SINATURA E SELO DA EMPRESA:
Asdo. D/Dna. _____	Asdo. D/Dna. _____
_____, ____ de _____ de _____.	

Deberase xuntar ao presente formulario:

- Fotocopia do DNI do COMPRADOR.
- Fotocopia da factura, que incluíra os datos do comprador, importe da subvención, prezo final resultante e tipo e tamaño da carpintería adquirida.

Tal documentación farase chegar ao INEGA remitíndoa ao seguinte enderezo:

INEGA (Plan renove de Fiestras)  
Rúa Avelino Pousa Antelo nº 5  
CP 15703  
Santiago de Compostela  
IMPRIMIR 3 COPIAS (Comprador, Empresa instaladora e INEGA).